ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado



**INFORME XURIDICO PROPOSTA E RESOLUCIÓN Expte: 1635/1102**

Asunto: solicitude de acceso a información pública

**ANTECEDENTES**

En data 14.02.2024, a [redacted] solicita acceso a información relativa ao número de baños públicos e fontes públicas dispoñibles no municipio, sinalando no seu caso, os que teñen custo.

En data 21.02.2024 solicitouse informe aos servizos xestores.

**LEXISLACION APLICABLE**

- Constitución Española de 1978
- ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTAIBG)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese especifico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "*los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.*" É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "*El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información*".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad" (art. 1 de la LTAIBG).*

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

**SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-**

A vista da solicitude formulada emitíronse, a solicitude desta Secretaría os seguintes informes:

a) En data 22.02.2024 o Xefe do Servizo de Vías e Obras *"Á vista do documento nº 240059040 de data 14 de febreiro de 2024 no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, comunícase que esta área de Fomento non leva a xestión nin mantemento de baños públicos, nin fontes públicas existentes no municipio.*

*No que respecta ao abastecemento de auga de ditos elementos indicar que o consumo ao ser municipal, está exento de pago, polo que non se factura ao respecto, segundo se recolle no contrato da concesión vixente do ciclo integral da auga "el subministro de agua*

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO )
01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado

*potable a los edificios e instalaciones municipales y a los centros o servicios dependiente del Ayuntamiento que durante la vigencia de la concesión determine el Ayuntamiento, gozarán de una exención total en el pago de dicho abastecimiento".*

b) En data 26.02.2024 a Xefa do servizo de Transportes "*Consultada a documentación obrante neste servizo, se informa o seguinte :*

*Con data 18 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local, acordou " Axudicar a El Mobiliario Urbano S.L o concurso para a instalación, conservación, e explotación publicitaria en solo publico de marquesiñas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese "*

*Dentro do citado contrato inclúense 8 aseos automáticos de acceso universal; O custe de uso dos mesmos é de 0,30€."*

*c) En data 7.03.2024 a adxunta ao xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns emitiu o seguinte informe "Á vista da solicitude da* [redacted] *de acceso á información pública sobre o número de baños públicos e fontes públicas dispoñibles no municipio, infórmase que este Servizo de Montes, Parques e Xardíns ten no seu mantemento os bebedoiros e aseos públicos instalados en zonas verdes de titularidade municipal, os cales son gratuitos.*

*Faise constar que, as fontes públicas que abastecen auga de manancial, non son competencia deste Servizo polo que carecemos de información sobre o número destas fontes. Do mesmo xeito, este Servizo non ten coñecemento de se existen máis aseos públicos na cidade, dependentes doutros servizos municipais.*

*A continuación, achégase un listado dos aseos públicos, bebedoiros e fontes ornamentais cuxo mantemento é competencia deste Servizo:*

**ASEOS**

| ZONA | | | URINARIO | WC | LAVABO |
|---|---|---|---|---|---|
| SAMIL | ALCABRE | HOMBRE | 2 | 4 | 2 |
| | | MUJER | | 4 | 2 |
| | | MINUSVÁLIDOS | | 2 | 2 |
| | SAN REMO | HOMBRE | 2 | 2 | 1 |
| | | MUJER | | 2 | 2 |
| | CRUZ ROJA | HOMBRE | 2 | 2 | 1 |
| | | MUJER | | 2 | 2 |
| | RÍA | HOMBRE | 3 | 4 | 2 |
| | | MUJER | | 2 | 2 |
| | | MINUSVÁLIDOS | | 1 | 1 |
| PARQUE DE CASTRELOS | | HOMBRE | 2 | 2 | 1 |
| | | MUJER | | 2 | 1 |
| PARQUE DO CASTRO | | HOMBRE | 2 | 2 | 1 |
| | | MUJER | | 2 | 2 |
| PRAIA DA PUNTA (TEIS) | | HOMBRE | 2 | 1 + 1 (minusválidos) | 1 |
| | | MUJER | | 2 + 1 (minusválidos) | 2 |

Documento asinado
ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO )
01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

# BEBEDOIROS

| PARROQUIA / ZONA | ZONAS VERDES/PARQUES INFANTÍS/ PISTAS DEPORTIVAS | BEBEDOIRO/ FONTE |
|---|---|---|
| ALCABRE | Fontoura | 1 |
| ALCABRE | Santa Baia | 1 |
| ALCABRE | Viña Grande | 1 |
| BEADE | Alameda dos Vellos | 1 |
| BEADE | Alameda dos Vellos, aparcamento | 1 |
| BEADE | Alameda dos Vellos, xardín | 1 |
| BEADE | AVV Beade | 1 |
| BEADE | Estrada Coutada, fonte | 1 |
| BEADE | Lagoa, camiño | 1 |
| BEADE | Rúa do Seixo 118-120 | 1 |
| BEMBRIVE | Alameda do Centro Cultural | 2 |
| BOUZAS | Alameda Suárez Llanos | 1 |
| BOUZAS | Eduardo Cabello | 1 |
| BOUZAS | Paseo Paz Andrade e praza | 2 |
| CABRAL | AVV Parada-Maceiriña | 1 |
| CABRAL | Caeiro-Gorguiña | 1 |
| CABRAL | Centro Cultural Becerreira | 1 |
| CABRAL | Grileira | 1 |
| CABRAL | Mercado-Río | 1 |
| CABRAL | Parque infantil Mercado | 1 |
| CALVARIO | Alameda A Paz | 2 |
| CALVARIO | Alameda Merlo | 1 |
| CALVARIO | Anduriña, pista de Voleibol | 1 |
| CALVARIO | Canario 1-3 | 1 |
| CALVARIO | Finca de Matías | 2 |
| CALVARIO | Gregorio Espino, Edificio Palmeiras | 2 |
| CALVARIO | Parque infantil Faisán | 1 |
| CALVARIO | Portela-Martínez Garrido | 1 |
| CALVARIO | Praza de Maruja Mallo | 2 |
| CALVARIO | Praza José Campos | 1 |
| CALVARIO | Xardín Os Morenos | 1 |
| CANDEÁN | Alameda da AVV | 2 |
| CANDEÁN | Altavista | 1 |
| CASTRELOS | Museo Liste | 2 |
| CASTRELOS | Ponte Romana | 2 |
| CENTRO | A Seara | 2 |
| CENTRO | Atalaia/José Gómez Posada-Curros | 1 |
| CENTRO | Camilo José Cela | 3 |
| CENTRO | Escola de Ciencias Empresariais | 1 |
| CENTRO | García Barbón (Xardín Lodeiro) | 1 |
| CENTRO | García Picher | 1 |
| CENTRO | María Xosé Queizán | 1 |
| CENTRO | Parque infantil Venezuela | 2 |
| CENTRO | Párroco José Otero | 1 |
| CENTRO | Pintor Colmeiro, aparcamento | 2 |
| CENTRO | Pintor José Frau Ruiz | 2 |
| CENTRO | Pista Deportiva Areal | 1 |
| CENTRO | Pizarro | 1 |
| CENTRO | Polideportivo do Berbés | 1 |
| CENTRO | Praza 8 de Marzo | 2 |
| CENTRO | Praza de Eugenio Fradrique | 1 |
| CENTRO | Praza de Portugal | 2 |
| CENTRO | Sergio Saborido | 1 |
| CENTRO | Torrecedeira-Marqués de Valterra | 1 |
| CENTRO | Zaragoza 18-Valencia | 1 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO )
01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| COIA | A Bouza | 2 |
| COIA | AVV Cristo da Victoria e traseira | 2 |
| COIA | Bueu-Raposa-Vilagarcía | 1 |
| COIA | Campo Roxo | 1 |
| COIA | Cangas interior | 2 |
| COIA | Castelao, xardíns (Marín-Tomás Paredes) | 2 |
| COIA | Castelao, xardíns (Praza América-Estrada) | 2 |
| COIA | Mondariz | 1 |
| COIA | Parque Cristo da Victoria | 2 |
| COIA | Parque Mestre Prudencio Rodríguez | 1 |
| COIA | Parque Reyman | 2 |
| COIA | Parque Rúa Lalín | 1 |
| COIA | Porriño-Salceda-Nigran | 1 |
| COIA | Praza da Consolación | 1 |
| COMESAÑA | Alameda | 1 |
| COMESAÑA | Pablo Iglesias parque | 2 |
| CORUXO | Capela do Bao | 1 |
| CORUXO | Centro Cívico de Coruxo | 1 |
| CORUXO | Praia da Calzoa | 1 |
| CORUXO | Praia do Bao | 3 |
| CORUXO | Roteas | 1 |
| FLORIDA/FRAGOSO | AVV Val do Fragoso | 1 |
| FLORIDA/FRAGOSO | Eugenio Arbones, parque | 3 |
| FLORIDA/FRAGOSO | Eugenio Kraff | 1 |
| FLORIDA/FRAGOSO | Pista de Petanca Florida | 1 |
| LAVADORES | Alameda Santa Clara | 1 |
| LAVADORES | Barreiro, parque | 3 |
| LAVADORES | Meixoeiro-Tixolo, rotonda | 1 |
| LAVADORES | Parque Infantil Jenaro de la Fuente | 2 |
| LAVADORES | Rivera Atienza | 2 |
| MARXES E ZONAS DE RIBEIRA | Paseo Lineal do Lagares<br>(Avda Madrid- Desembocadura) | 7 |
| MATAMÁ | Alameda | 1 |
| MATAMÁ | Ribas | 1 |
| MIÑOCA | Luis Ksado, pista e contorna | 1 |
| MIÑOCA | Praza da Miñoca, xardíns | 3 |
| MIÑOCA | Praza da Tellada | 1 |
| NAVIA | Alameda Emilio Crespo Cano | 2 |
| NAVIA | Navia, Parque | 10 |
| NAVIA | Pista Skatepark | 1 |
| OIA | Parque infantil A.VV. San Miguel de Oia | 1 |
| OIA | Praia de Canido | 2 |
| OIA | Urbanización Zapateira | 1 |
| PARQUE DE CASTRELOS | Parque de Castrelos | 9 |
| PARQUE DO CASTRO | Parque do Castro | 10 |
| PRAZA DE COMPOSTELA E CONTORNA | Eugenio González de Haz | 1 |
| PRAZA DE COMPOSTELA E CONTORNA | Praza de Compostela | 2 |
| SAIÁNS | Alameda | 1 |
| SALGUEIRA / FREIXEIRO | Alameda Andrés Gaos | 2 |
| SALGUEIRA / FREIXEIRO | Alameda Ricardo Aldao | 1 |
| SAMIL | Praia | 15 |
| SAMPAIO | Alameda da AVV | 1 |
| SAMPAIO | Fonte cruce emisoras | 1 |
| SAN ROQUE | Filipinas-Couto de San Honorato | 2 |
| SAN ROQUE | Fonte Avda de Madrid | 1 |
| SAN ROQUE | Hotel Galeóns, anexos | 1 |
| SAN ROQUE | Parque infantil San Roque | 1 |

| | | |
|---|---|---|
| SAN XOAN POULO | Parque Aqualia | 1 |
| SÁRDOMA | Alameda | 1 |
| SÁRDOMA | Laxe-San Pedro | 1 |
| TEIS | A Riouxa | 2 |
| TEIS | Alameda Carlos Gardel | 1 |
| TEIS | Barrio das Flores | 1 |
| TEIS | Centro Cívico Teis | 1 |
| TEIS | Coutadas | 2 |
| TEIS | Parque infantil Pedro Alvarado | 1 |
| TEIS | Paseo Marítimo da Guía | 2 |
| TEIS | San Pablo Grupo Sindical | 1 |
| TRAVESÍA DE VIGO | Mestre Montes | 1 |
| TRAVESÍA DE VIGO | Vía Verde (Fase I) | 1 |
| VALADARES | Alameda | 1 |
| VALADARES | Camiño Escola Andersen | 1 |
| ZAMÁNS | Antiga canteira | 1 |
| ZAMÁNS | AVV | 1 |
| ZAMÁNS | Marcosende | 1 |

## FONTES ORNAMENTAIS

| PARROQUIA/ZONA | NOME | ENDEREZO | Nº |
|---|---|---|---|
| BEADE | Alameda dos Vellos | Rúa Ramiro Pascual 114 | 1 |
| BEADE | Parque Forestal Beade | Estrada de Fontefría | 1 |
| CASTRELOS | Rotonda Pazo Quiñones de León | Paseo Dr. Ángel Ilarri | 1 |
| CASTRELOS | Lago Parque Castrelos | Avda. Castrelos | 1 |
| CASTRELOS | Acceso esquerda parque Castrelos | Paseo Dr. Ángel Ilarri | 1 |
| CASTRELOS | Acceso dereita parque Castrelos | Paseo Dr. Ángel Ilarri | 1 |
| CENTRO | Couto de San Honorato | Tv. Couto de San Honorato 1, 2 | 1 |
| CENTRO | Xardíns Eijo Garay | Rúa Areal | 1 |
| CENTRO | Rotonda Rosalía de Castro | Rúa Rosalía de Castro 17 | 1 |
| CENTRO | Fonte do Galo | Rúa Areal 46 | 1 |
| CENTRO | Rotonda Cabalo Balaídos | Avda. Balaídos | 1 |
| CENTRO | Praza Eugenio Kraff | Avda. Florida 105 | 1 |
| CENTRO | Handicap | Rúa Manuel de Castro | 1 |
| CENTRO | Alameda Dr. Casas | Rúa Eduardo Cabello 17 | 1 |
| CENTRO | Pérgola Arquitecto Palacios | Rúa Eduardo Cabello 35 | 1 |
| CENTRO | Rotonda dos Canteiros | Tv. Bouzas – Servizo Portuario | 1 |
| CENTRO | Praza de Maruja Mallo | Praza de Maruja Mallo 9 | 1 |
| CENTRO | Praza de España | Praza de España | 1 |
| CENTRO | Volcán de Coia | Avda. Castelao 76 | 1 |
| CENTRO | Rúa Salvaterra | Rúa Salvaterra 5 | 1 |
| CENTRO | Rúa Arbo | Rúa Arbo 3 | 1 |
| CENTRO | Parque da Bouza Leste | Rúa de Tui 6 | 1 |
| CENTRO | Parque da Bouza Oeste | Rúa de Nigrán | 1 |
| CENTRO | Praza da Miñoca | Rúa Fotógrafo Xaime Pacheco | 1 |
| CENTRO | Praza do Emigrante | Ava. Castelao 3 | 1 |
| CENTRO | Parque Poesta Vesteiro Torres | Ava. Castelao | 1 |
| CENTRO | Parque Cristo da Victoria | Rúa Baiona | 1 |
| CENTRO | Xardíns Rúa Lalín | Rúa Lalín 6 | 1 |
| CENTRO | Xardíns rúa Moaña | Rúa Moaña 1 | 1 |
| CENTRO | Xardíns rúa Padre Seixas | Rúa Padre Seixas 4 | 1 |
| CENTRO | Praza do Berbés | Ribeira do Berbés 45 | 1 |
| CENTRO | Caleira – Sardiñas | Avda. Fragoso 45 | 1 |
| CENTRO | Praza de Portugal rectangular | Praza de Portugal | 1 |
| CENTRO | Praza de Portugal circular | Praza de Portugal | 1 |
| CENTRO | Lonxa do Concello | Praza do Rei 1 | 1 |
| CENTRO | Rotonda C.C. Gran Vía | Rúa do Miradoiro 11 | 1 |
| CENTRO | Praza de Compostela central | Praza de Compostela | 1 |
| CENTRO | Praza de Compostela Oeste | Praza de Compostela | 1 |
| CENTRO | Praza de Compostela Leste | Praza de Compostela | 1 |
| CENTRO | Atalaia do Castro | Rúa da Atalaia | 1 |
| CENTRO | Praza da Independencia cascada | Rúa do Pintor Colmeiro 3 | 1 |
| CENTRO | Xardíns Praza da Industria | Rúa de Eugenio Fadrique 6 | 1 |
| CENTRO | Escola Empresariais | Rúa Conde de Torrecedeira 105 | 1 |
| CENTRO | Xardíns de Blein Budiño | Rúa Enrique Blein Budiño | 1 |
| CENTRO | Monumento ao traballo | Avda. Gran Vía 2 | 1 |
| CENTRO | Cascada Venezuela | Rúa Venezuela 18 | 1 |
| CENTRO | Estanque patos Castro | Paseo Rosalía de Castro | 1 |
| CENTRO | Gamo | Paseo Rosalía de Castro 4 | 1 |
| CENTRO | Xardíns Martín Códax | Paseo Rosalía de Castro 9 | 1 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO )
01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| CENTRO | Rotonda do Castro | Paseo Rosalía de Castro | 1 |
| CENTRO | Praza da Fortaleza | Paseo Rosalía de Castro | 1 |
| CENTRO | Peixeira | Paseo Rosalía de Castro | 1 |
| CENTRO | Parque Camilo José Cela inferior | Rúa Conde de Torrecedeira 52 | 1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| LAVADORES | Estanque Rivera Atienza | Ava. E. Martínez Garrido 9 | 1 |
| LAVADORES | Parque Aqualia | Rúa Cantabria 112 | 1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| NAVIA | Alameda Emilio Crespo Cano | Rúa San Paio 134 | 1 |
| NAVIA | A.VV. Navia | Rúa Bravo 5 | 1 |
| NAVIA | Navegable inferior | Rúa As Teixugueiras 16 | 1 |
| NAVIA | Navegable superior | Rúa As Teixugueiras 16 | 1 |
| NAVIA | Rotonda Europa | Avda. Europa | 1 |
| NAVIA | Botánico | Rúa As Teixugueiras 28 | 1 |
| NAVIA | Pasarela | Rúa As Teixugueiras 24 | 1 |
| NAVIA | Fonte Visitable | Rúa As Teixugueiras 26 | 1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| SÁRDOMA | Praza da Salgueira | Barrio da Salgueira Grupo Sindical 1 | 1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| TEIS | Cascada Aragón | Rúa Aragón 236 | 1 |
| TEIS | Barrio das Flores | Rúa Hortensia | 1 |
| TEIS | Parque da Riouxa | Avda. Galicia 230 | 1 |
| TEIS | Rotonda Xulián Estévez | Rúa Sanjurjo Badía 1 | 1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| VALADARES | Lago Monte dos Pozos | Estrada Freixo 38 | 1 |

d) En data 29.02.2024 o servizo de Medio Ambiente informa "*No caso dos baños públicos deberán solicitar a información aos departamento de Parques e Xardíns, Seguridade e calquera outro con competencias. Cómpre informar que no servizo de Medio Ambiente os baños públicos están condicionados á tempada estival de praias, colocándose só baños móviles no areal de Canido, Fontaíña, Fortiñón, Carril-Santa Baia e Adro do 15 de xuño ao 15 de setembro. Asemade, dentro das autorizacións municipais para quioscos de tempada nas praias, os adxudicatarios dos quioscos teñen a obriga de contar con servizos públicos para a cidadanía dentro das súas instalacións. Os quioscos con baños públicos instálanse nos areais de Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, tres en Samil e dous no Vao do 1 de xuño ao 31 de outubro.*" e posteriomente, en data 20.03.2024 emite informe "*En contestación á petición de información das fontes públicas dispoñibles no concello de Vigo, comunicamos que no Laboratorio Municipal de Vigo temos rexistradas un total de 490 fontes distribuidas en 21 barrios/parroquias, tal e como figura na táboa anexa:*

| FONTES PÚBLICAS REXISTRADAS / PARROQUIAS ( ANO 2024 ) | | | |
|---|---|---|---|
| **PARROQUIA** | **Nº FONTES MANANCIAL** | **Nº FONTES RED MUNICIPAL** | **N.º FONTES BAIXA** |
| Alcabre | 4 | 1 | 0 |
| Beade | 42 | 1 | 10 |
| Bembrive | 43 | 3 | 3 |
| Cabral | 52 | 2 | 8 |
| Candean | 37 | 0 | 14 |
| Castrelos | 14 | 1 | 4 |
| Centro | 4 | 2 | 1 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coia | 10 | 0 | 6 |
| Comesaña | 10 | 0 | 4 |
| Coruxo | 22 | 4 | 6 |
| Freixeiro | 8 | 1 | 3 |
| Lavadores | 52 | 8 | 9 |
| Matamá | 27 | 0 | 4 |
| Navia | 4 | 0 | 1 |
| Oia | 11 | 1 | 4 |
| Saiáns | 15 | 0 | 4 |
| Sampaio | 3 | 2 | 0 |
| Sárdoma | 11 | 1 | 3 |
| Teis | 34 | 4 | 10 |
| Valadares | 50 | 1 | 9 |
| Zamans | 11 | 0 | 1 |
| TOTAL | **464** | **32** | **104** |

*A situación e calificación sanitaria das 496 fontes, actualizada no ano 2023, pódese consultar na páxina web do concello de Vigo, non enderezo https://hoxe.vigo.org/movemonos/labo_fontes.php?lang=cas da que resulta:*

- *Fontes Sen Garantia Sanitaria (SG): 133*
- *Fontes Non Potables(NP): 234*
- *Fontes Sen Calificar: 129 (Esta fontes están pendentes de dar de baixa, por atoparse secas, por presenza de maleza sendo inaccesibles ou por outros motivos).”*

*o*

Polo exposto procede facilitar a información solicitada e recollida neste apartado en tanto que a mesma constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da

**TERCEIRO.- Do órgano competente**

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude formulada pola [redacted] e facilitar o acceso a información solicitada segundo o recollido nos informes emitidos polo Servizos de Vías e Obras, Medio Ambiente, Transportes e Servizos de Parques, Montes e Xardíns que se transcribe no apartado segundo do presente informe- proposta con resolución.

**SEGUNDO.-** Comunicar á interesada que contra resolucións de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente".

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:42:45 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 01/04/2024 14:50:49 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 01/04/2024 14:55:47

Documento asinado